

VIII CIDS 2026

Congreso Internacional de Dialectoloxía e Sociolingüística *Cartografías da lingua: variación, contacto e planificación*

Santiago de Compostela, 13-16 de xullo de 2026

Segunda Circular

Tal e como foi anunciado na circular de lanzamento do *VIII Congreso Internacional de Dialectoloxía e Sociolingüística. Cartografías da lingua: variación, contacto e planificación* (CIDS 2026), organizado polo [Instituto da Lingua Galega](#) da Universidade de Santiago de Compostela en parcería co [Proxecto Atlas Lingüístico do Brasil](#), facemos pública esta Segunda Circular en que anunciamos os nomes das persoas homenaxeadas, que impartirán as conferencias plenarias, así como información práctica sobre o sistema de envío de propostas e o pagamento.

Por outra banda, **ampliamos o prazo de envío de propostas** indicado na anterior circular ata o 15 de decembro de 2025.

Persoas homenaxeadas

HENRIQUE MONTEAGUDO

É catedrático de Filoloxía Galega na Universidade de Santiago de Compostela e presidente da Real Academia Galega. As súas principais liñas de investigación abranguen a historia da lingua galega, a sociolingüística e a política lingüística, ademais do estudo de figuras centrais da literatura galega como Castelao, Rosalía de Castro, Ramón Piñeiro e Otero Pedrayo. O seu labor combina investigación, divulgación e un firme compromiso coa defensa e promoción do galego.

LURDES MOUTINHO

Foi docente na Universidade de Aveiro e é investigadora do Centro de Línguas, Literaturas e Culturas (CLLC) desta universidade, onde coordina o subgrupo *Varição Lingüística*. As súas principais liñas de investigación abranguen a fonética acústica e prosódica, a xeoprosodia, a dialectoloxía e a cartografía lingüística, así como o estudo da variación social e do contacto de linguas.

Participa en proxectos nacionais e internacionais e é autora de numerosas publicacións en diferentes linguas.

APARECIDA NEGRI ISQUERDO

É docente da Universidade Federal de Mato Grosso do Sul (UFMS) e investigadora na área de lingüística, con especial interese na lexicoloxía, lexicografía, onomástica e dialectoloxía/xeolingüística. É a directora científica do Comité Nacional de Coordinación do proxecto *Atlas Lingüístico do Brasil* (ALiB) e coordinadora do ALiB na UFMS. Na área da toponimia dirixiu o proxecto *Atlas Toponímico do Estado de Mato Grosso do Sul* (ATEMS) e tamén é a responsable do *Dicionário de Topônimos do Estado de Mato Grosso do Sul*.

CARSTEN SINNER

É catedrático de Lingüística e Translatoloxía das linguas iberorrománicas na Universidade de Leipzig, onde dirixe a área de linguas iberorrománicas do Departamento de Lingüística Aplicada e Translatoloxía, os centros de estudos galegos, cataláns e éuscaros e o centro de investigación do xudeu-español. É tamén director da Cátedra Marià Villangómez de estudos cataláns. Posúe numerosas publicacións sobre lingüística iberorrománica, contacto lingüístico, lingüística de variedades, sociolingüística e translatoloxía.

Modalidades de participación

- **Comunicacións** (20' + 10'). Só se aceptarán 2 propostas por persoa como máximo, sexan individuais ou en coautoría.
- **Paneis:** entre 3 e 4 comunicacións coordinadas. Trátase dun bloque de comunicacións (20' + 10' cada unha), presentadas baixo a coordinación expresa dunha ou dúas das persoas participantes, en que se aborda con enfoques complementarios o estudo dunha cuestión relacionada coas anteriores liñas temáticas que se indican máis adiante.
- **Pósteres** (con defensa presencial) relacionados coas liñas temáticas do congreso.

Presentación de propostas

As propostas teñen que presentarse a través de <https://usc.teventos.com/cids26/gl/normas-de-envio>. O formulario está aberto entre o **28 de outubro** e o **15 de decembro de 2025**. As propostas serán avaliadas polo Comité Científico ou outras persoas expertas convidadas. A notificación de aceptación realizarase antes do 20 de xaneiro de 2026.

As persoas interesadas en participar cunha **comunicación** ou **póster** deberán enviar un **resumo anonimizado** de máximo 300 palabras, bibliografía non incluída.

Para os **paneis**, a proposta deberá incluír o nome da persoa coordinadora e dos restantes participantes, así como un **resumo anonimizado** do panel, que debe explicar o fío condutor deste, e de cada unha das comunicacións. Cada un destes resumos terá unha extensión máxima de 300 palabras, bibliografía non incluída. O panel será avaliado en conxunto, non por comunicacións individuais.

Os resumos das comunicacións, dos pósteres e dos paneis deben conter **obxectivos**, **metodoloxía** e os **resultados agardados ou obtidos**.

As **linguas** principais do congreso son o galego e o portugués, pero tamén son aceptadas as outras linguas románicas e mais o inglés.

Eixes temáticos

- Xeolingüística e variación dialectal
- Variación e contacto lingüístico
- Atlas dialectais e corpus orais
- Metodoloxías e recursos para o estudo da variación
- Diversidade lingüística e ensino
- Lingua, identidade e sociedade
- Sociolingüística e contacto de linguas
- Políticas lingüísticas e planificación
- Outros temas vinculados coa dialectoloxía e a sociolingüística

Inscrición e información adicional

En próximas comunicacións informarase sobre o proceso de inscrición, que se abrirá o 20 de xaneiro, hospedaxe, actividades complementarias e outras informacións útiles.

Pagamento

A seguir indicamos as taxas de inscrición. No caso dos traballos presentados en **coautoría**, cada coautor(a) debe inscribirse e pagar as taxas correspondentes para poder certificarmos a súa participación.

Participantes	Ata 28 de febreiro	Ata 31 de maio
Cota comunicación/panel	80 €	120 €
Cota póster	60 €	90 €
Cota de estudantes ¹	40 €	60 €

Asistentes sen comunicación ²	Ata 28 de febreiro	Ata 31 de maio
Cota asistencia	40 €	60 €
Cota asistencia de estudantes ¹	20 €	30 €

¹ Require anexar matrícula de estudos

² Inclúe certificado de asistencia

Comité organizador

- Rosario Álvarez Blanco (Universidade de Santiago de Compostela) - Presidencia
- Xulio Sousa (Universidade de Santiago de Compostela) – Secretaría
- Lucía Doval Iglesias (Universidade de Santiago de Compostela) – Secretaría técnica
- Marta Negro Romero (Universidade de Santiago de Compostela) – Secretaría técnica
- Reyes Rodríguez Rodríguez (Universidade de Santiago de Compostela) – Secretaría técnica
- María Álvarez de la Granja (Universidade de Santiago de Compostela)
- Marilúcia Barros de Oliveira (Universidade Federal do Pará)
- Fernando Brissos (Universidade de Lisboa)
- Regiane Coelho Pereira Reis (Universidade Federal de Mato Grosso do Sul)
- Francisco Dubert García (Universidade de Santiago de Compostela)
- Noelia Estévez Rionegro (Universidade de Santiago de Compostela)
- Elisa Fernández Rei (Universidade de Santiago de Compostela)
- Marcela Moura Torres Paim (Universidade Federal Rural de Pernambuco)
- Valter Pereira Romano (Universidade Federal de Santa Catarina)
- Montserrat Recalde Fernández (Universidade de Santiago de Compostela)

Agradecemos a vosa colaboración na difusión do encontro. Para calquera dúbida, podedes contactar co Comité Organizador en cids8.congreso@usc.gal. Tamén se pode consultar a información relacionada co congreso na páxina web <https://ilg.usc.gal/cids2026/>.

Será un pracer poder contar coa vosa presenza no VIII CIDS 2026!